Jóse Manuel Pérez Seco na data 02/03/2018 13:51:55

Abel Fermín Losada Álvarez na data 02/03/2018 13:52:01

José Antonio Quiroga Díaz na data 02/03/2018 13:52:06

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2018 16:30
Nº Rexistro: 27244
Data envio: 02/03/2018 16:26:37.544

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco, Raúl Fernández Fernández, María Luisa Pierres López e Patricia Vilán Lorenzo, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

A estrada AC-564 é unha estrada autonómica cunha lonxitude de 26 quilómetros e que comunica a AP-9 no concello de Cabanas (A Coruña) coa AG-64 no concello de As Pontes. A estrada foi unha mellora do trazado das estradas autonómicas AC-141 de Cabanas (A Coruña) a A Capela, e da AC-142, de AS Pontes a A Capela.

Pola súa situación, ademais é unha estrada que aparte de intensa chuvia do inverno, ten moitos días de néboa. Todo isto fai que sexa moi perigosa na maior parte do ano.

A estrada AC-564 ten unha Intensidade Media Diaria (IMD) de 4222 vehículos, dos que un 7,9 % son vehículos pesados segundo datos do ano 2016.

O firme é un dos elementos básicos da seguridade no tráfico e nesta estrada está moi deteriorado polo tráfico que soporta a pesar dos arranxos dos últimos anos. Pese ao parcheo nalgún punto quilométrico con aglomerado “slurry”, aínda hai zonas onde nos días de inverno a auga en vez de ir á cuneta, discorre pola estrada incrementándose así as posibilidades de que se produza o temido aquaplaning.

Outro elemento básico é a sinalización horizontal; a súa función resulta particularmente indispensable en tempo chuvioso e en horas nocturnas.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2018 16:30
Nº Rexistro: 27244
Data envio: 02/03/2018 16:26:37.544

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten previsto a Xunta de Galicia a reposición do firme da AC-564? En caso afirmativo, cal é o prazo?

2. Ten previsto a Xunta de Galicia a mellora da drenaxe lonxitudinal da AC-564? En caso afirmativo, cal é o prazo?

3. Ten previsto a Xunta de Galicia a mellora da sinalización horizontal da AC-564? En caso afirmativo, cal é o prazo?

Pazo do Parlamento, 2 de marzo de 2018

Asdo.: José Manuel Pérez Seco
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Patricia Vilán Lorenzo
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 02/03/2018 13:51:07

Raúl Fernández Fernández na data 02/03/2018 13:51:13

María Luisa Pierres López na data 02/03/2018 13:51:18

Patricia Vilán Lorenzo na data 02/03/2018 13:51:22

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2018 16:30
Nº Rexistro: 27249
Data envio: 02/03/2018 16:27:40.608

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e José Antonio Quiroga Díaz, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

Todos somos coñecedores do grande problema que supón a velutina para o noso rural e en especial para os produtores de mel e froita. É unha batalla de contra reloxo que precisa de tódolos recursos económicos e materiais ao noso alcance para loitar contra esta praga.

Dada a gravidade da ameaza que supón esta nova especie faise necesario o combate cun amplo abano de medidas enfocadas na prevención, eliminación ou, cando menos, na estabilización das colonias de velutina en Galicia.

O veleno utilizado como insecticida para eliminar os individuos dunha colmea é unha das medidas de combate desta especie tan agresiva para o medio ambiente galego. Sen embargo, os produtos utilizados para a eliminación das colmeas de velutina que están a utilizar tanto asociacións (apicultores, produtores de froita, etc) coma concellos son moi custosos e comprometen os orzamentos das entidades e institucións. Este gasto extra repercute negativamente nos orzamentos dos implicados, restando nalgúns casos a utilizacións de insecticidas e, o que é máis grave, imposibilita a actuación efectiva contra a velutina.

Hai que ter moi presente a situación actual da velutina que, no último ano, foi a responsable do 20 % das chamadas telefónicas ao 112, só por detrás das emerxencias vinculadas á prevención de riscos, incendios e salvamento (30 %). Son datos moi reveladores da magnitude desta praga.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2018 16:30
Nº Rexistro: 27249
Data envio: 02/03/2018 16:27:40.608

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que medidas ten a Xunta de Galicia en marcha, ou que vai poñer, relacionadas ca eliminación da velutina do noso medio rural?

2. Que técnicas está a utilizar a Xunta de Galicia para erradicar a velutina? Está a utilizar as mesmas en tódolos sitios onde intervén e durante todo o ano?

3. Que veleno está a utilizar a Xunta de Galicia no combate contra a vespa velutina? Vai a colaborar técnica e economicamente coas diversas asociacións e concellos afectados?

4. É coñecido que o veleno utilizado na actualidade non se pode empregar preto de recursos hídricos, polo tanto, ten a Xunta algún outro veleno alternativo e igual de eficaz que o empregado actualmente? De ser así, cal?

5. Que velenos alternativos medioambientalmente sostibles e eficaces pódense utilizar para erradicar a velutina?

Pazo do Parlamento, 2 de marzo de 2018

Asdo.: José Manuel Pérez Seco
José Antonio Quiroga Díaz
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 02/03/2018 13:53:00

José Antonio Quiroga Díaz na data 02/03/2018 13:53:05

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2018 11:10
Nº Rexistro: 27282
Data envio: 05/03/2018 11:10:34.395

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández, Concepción Burgo López, Luís Manuel Álvarez Martínez, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

A Rede de Cidades Creativas creouse pola Unesco en outubro de 2004, trala decisión tomada polo 170º Consello Executivo. Ten como obxectivo estimular a Cooperación Internacional entre cidades que invisten na creatividade como motor de desenvolvemento urbano sustentable, inclusión social e influencia cultural, promovendo deste xeito que se persigan no terreo os obxectivos da Unesco respecto da diversidade cultural. As cidades elixidas na rede poden compartir experiencias e crear novas oportunidades para si mesmas e para outras cidades no marco dunha plataforma internacional, en particular para actividades baseadas na noción de turismo creativo.

Nada da experiencia da Alianza Global para a Diversidade Cultural creada en 2002 pola Unesco, a Rede de Cidades Creativas comparte coa Alianza Global a súa vontade de incentivar as colaboracións entre o sector público, o privado e a sociedade civil para favorecer o desenvolvemento das industrias creativas, promovendo novas asociacións solidarias no mundo.

Esta rede está composta por sete redes temáticas, na que as cidades elixen asociarse a unha delas en función das súas preferencias e comprométense a destinar a esta rede temática todo o seu esforzo e o seu talento. Estas son: literatura, cinema, música, arte popular, deseño, gastronomía e arte dixital. Actualmente está formada por 116 membros, España conta con 6 cidades creativas: Sevilla (Música) declarada no 2006, Bilbao (Deseño) no 2014, Granada (Literatura) no 2014, Burgos (Gastronomía) no 2015, Denia (Gastronomía) no 2015, e Barcelona (Literatura) a última das cidades españolas que obtivo este recoñecemento no ano 2015.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2018 11:10
Nº Rexistro: 27282
Data envio: 05/03/2018 11:10:34.395

A pesares do recoñecido prestixio que Galicia ten no ámbito da creatividade en todos os ámbitos, ningunha cidade da nosa comunidade autónoma obtivo ata o de agora este recoñecemento.

Se hai unha cidade galega que sen dúbida destaca na produción literaria, é Ourense, retratada entre outros moitos cos nomes de Auria, Auriabella, ou Augasquentes, e alcumada tamén como a "Atenas de Galicia", a "cidade intelectual" ou, en palabras do escritor Carlos Casares, unha "urbe culta e literaria". Será co Padre Feijóo, verdadeiro faro da Ilustración nado, ademais, moi preto de Ourense, que a cidade cobra un papel fundamental no desenvolvemento da cultura e a lingua en Galicia. En Ourense publica "Saco e Arce" a primeira Gramática Galega (1868) e Lamas Carvajal lanza O Tío Marcos da Portela, primeiro semanario monolingüe en galego, co que se inaugura ademais toda unha longa tradición xornalística. Tamén aquí una das figuras do Rexurdimento, Curros Enríquez, canta a chegada do tren e os aires de progreso.

Ourense será tamén testemuña dun segundo Rexurdimento, protagonizado pola chamada Xeración Nós a comezos do século XX. Intelectuais como Vicente Risco, Otero Pedrayo ou Florentino López Cuevillas, lideran dende as súas rúas un movemento que abrirá Galicia ás vangardas da época, e que ten a súa continuación en figuras como Xaquín Lorenzo Xocas ou Eduardo Blanco Amor. O retrato que este último fai de Ourense na súa coñecida novela A Esmorga, pode descubrirse a través dunha ruta propia. Tamén a obra Carlos Casares conta con ruta na cidade, ideal para coñecer a narrativa contemporánea que continuou este Ourense literario ata os nosos días.

Ourense cumpriría xa de entrada todos os requisitos para ser declarada Cidade da Literatura, no que se refire a calidade, cantidade e diversidade editorial, ao seu papel na produción teatral, a existencia de festivais e acontecementos literarios, así como a contar con bibliotecas e centros culturais. Para chegar a ser membro da Rede de Cidades Creativas da Unesco, Ourense debera presentar unha candidatura que demostre claramente a súa determinación, compromiso e capacidade para contribuír aos obxectivos da rede. O formulario de postulación debe estar acompañado soamente por cartas de presentación e de apoio,

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2018 11:10
Nº Rexistro: 27282
Data envio: 05/03/2018 11:10:34.395

entre outras, unha carta oficial de presentación da candidatura asinada polo Alcalde de Ourense, e unha carta oficial de apoio á candidatura da Comisión Nacional para a Unesco de España.

A decisión final pertence á directora xeral da Unesco, despois de consultar a especialistas internos da Organización e unha opinión exterior achegada por ONG, universidades e/ou outros expertos independentes, como tamén polas cidades membros organizadas nos sete ámbitos creativos.

Ao unirse á rede, Ourense comprometeríase a compartir as súas boas prácticas e a desenvolver vínculos que asocien aos sectores público e privado e á sociedade civil para ; reforzar a creación, a produción, a distribución e a difusión de actividades, bens e servizos culturais; desenvolver polos de creatividade e innovación e aumentar as oportunidades ao alcance dos creadores e profesionais do sector cultural; mellorar o acceso e a participación na vida cultural, en particular en beneficio de grupos desfavorecidos e persoas vulnerables; e integrar plenamente a cultura e a creatividade nos seus plans de desenvolvemento sustentable.

A Rede de Cidades Creativas significaría para Ourense ser un socio privilexiado da Unesco, tanto como plataforma de reflexión sobre o papel da creatividade en tanto que promotora do desenvolvemento sustentable, como de laboratorio de acción para a innovación, debera ser esta polo tanto unha prioridade para unha cidade sen cuxo achegue cultural non se entendería Galicia.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Impulsou a Xunta de Galicia algunha candidatura dunha cidade da nosa comunidade autónoma a formar parte da Rede de Cidades Creativas da Unesco?
2. En caso afirmativo, en que ámbito?
3. Considera a Xunta de Galicia que Ourense sería unha boa candidata á Rede de Cidades Creativas da Literatura da Unesco?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2018 11:10
Nº Rexistro: 27282
Data envio: 05/03/2018 11:10:34.395

4. En caso afirmativo, contempla o Goberno galego a posibilidade de promover e potenciar dita candidatura?

Pazo do Parlamento, 2 de marzo de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Concepción Burgo López
Luís Manuel Álvarez Martínez
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 05/03/2018 10:56:23

Raúl Fernández Fernández na data 05/03/2018 10:56:29

Maria de la Concepción Burgo López na data 05/03/2018 10:56:35

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 05/03/2018 10:56:39

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2018 11:11
Nº Rexistro: 27285
Data envio: 05/03/2018 11:11:49.333

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández, Concepción Burgo López, José Manuel Pérez Seco e Abel Losada Álvarez, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

No concello de Boborás (Ourense), atópase o conxunto histórico Pazos de Arenteiro, que conta dende o ano 1973 coa declaración de Ben de Interese Turístico Cultural.

Paralelamente ás obras que promoveu o Concello, recorrendo a unha escola taller e a fondos europeos, a Xunta de Galicia tamén procedía a recuperar a través dun proxecto dirixido por César Portela, a antiga casa reitoral de Pazos de Arenteiro asumindo e financiando integramente a súa rehabilitación e creando na mesma un establecemento de turismo rural. Adxudicouse a xestión á única empresa que se presentou ao concurso convocado, Viñedos do Miño. As instalacións nunca estiveron abertas ao público con normalidade, nin o están. Denunciouse en numerosas ocasións a falta de atención, o uso particular das instalacións e a frecuente negativa a aloxar aos posibles clientes (alegando que está todo ocupado). A pesar destas circunstancias, non se actuou ao respecto.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cal foi o investimento total da Xunta de Galicia na rehabilitación da antiga casa reitoral de Pazos de Arenteiro?
2. Ten coñecemento o Goberno galego de si está na actualidade a antiga casa reitoral de Pazos de Arenteiro funcionando como casa de turismo rural?
3. Cando vence a concesión licitada pola Xunta de Galicia da antiga casa reitoral de Pazos de Arenteiro?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2018 11:11
Nº Rexistro: 27285
Data envio: 05/03/2018 11:11:49.333

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

4. En caso de que xa vencera, cando ten previsto o Goberno galego iniciar un novo proceso de adxudicación?
5. Ten previsto a Xunta de Galicia ceder a xestión do inmoble ao Concello de Boborás para que sexa este quen licite a concesión?
6. En caso afirmativo, cal é o motivo desta decisión?

Pazo do Parlamento, 2 de marzo de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Concepción Burgo López
José Manuel Pérez Seco
Abel Losada Álvarez
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 05/03/2018 11:01:07

Raúl Fernández Fernández na data 05/03/2018 11:01:13

Maria de la Concepción Burgo López na data 05/03/2018 11:01:19

Jóse Manuel Pérez Seco na data 05/03/2018 11:01:24

Abel Fermín Losada Álvarez na data 05/03/2018 11:01:30

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2018 12:41
Nº Rexistro: 27296
Data envio: 05/03/2018 12:41:28.061

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, **Montserrat Prado Cores**, **Olalla Rodil Fernández**, **Ana Pontón Mondelo**, **Luis Bará Torres** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

No ano 2015 foi contratada a empresa UTE-INAER Galicia Consultoría Natutécnia SL. pola Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia para o servizo dun helicóptero e unha brigada con destino ó SPDCIF durante os anos 2015, 2016 e 2017, prorrogable ata 2019 destinado na base ourensán de Toén no distrito forestal XII Miño-Arnoia.

Esta empresa concesionaria leva dende outubro do 2017 sen o helicóptero Puma con matrícula EC-JYE, e co helicóptero Bell 412 con matrícula EC-MKS substituíndo ao anterior.

Dende esa data, outubro do 2017, a concesionaria está incumprindo o artigo 7 do Prego de prescricións técnicas que rexen a contratación dun servizo integrado dun helicóptero e brigada, con destino á prevención e defensa Contra Incendios Forestais durante os anos 2015, 2016 e 2017

"...As empresas licitadoras deberán presentar unha ou un conxunto de aeronaves de substitución de características similares ou superiores ás ofertadas na licitación, sendo preferible que sexan do mesmo modelo que estas..." (Expediente 94/14-I)

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2018 12:41
Nº Rexistro: 27296
Data envio: 05/03/2018 12:41:28.061

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dado que o helicóptero de substitución non cumpre as características do Prego de prescricións técnicas, artigo 2.3 ..."características técnicas do helicóptero de tipo pesado', no tocante ao peso do aparato, capacidade de persoal de transporte, capacidade mínima do 'Bamby Buckett..." entre outras.

Vistas estas irregularidades, formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Cal é a razón pola que a Xunta de Galicia non toma medidas ante este incumprimento de contrato?

-Existe algún tipo de compensación económica ou algunha mellora do servizo aéreo de extinción de incendios de parte da empresa?

Santiago de Compostela, 5 de marzo de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

88221

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2018 12:41
Nº Rexistro: 27296
Data envio: 05/03/2018 12:41:28.061

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 05/03/2018 11:30:26

María Montserrat Prado Cores na data 05/03/2018 11:30:31

Ana Pontón Mondelo na data 05/03/2018 11:30:32

Olalla Rodil Fernández na data 05/03/2018 11:30:34

Noa Presas Bergantiños na data 05/03/2018 11:30:35

Xosé Luis Bará Torres na data 05/03/2018 11:30:37

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2018 17:50
Nº Rexistro: 27251
Data envio: 02/03/2018 17:50:44.534

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Álvarez e José Manuel Pérez Seco, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

A sociedade *Capital Energy* figuraba entre as empresas que recorreron o concurso eólico da Xunta de Galicia por vía contenciosa, e foi unha das primeiras en lograr que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia obrigue a administración autonómica galega a puntuar de novo as cualificacións, xa que manifestou que non estaba de acordo cos criterios técnicos utilizados na adxudicación.

Esta empresa, opera como un fondo de investimento, e ten situado no mercado diversos proxectos enerxéticos iniciados fai anos, e moitos de eles sen desenvolver.

Considera como activos do seu fondo os parques eólicos que solicitou no concurso do ano 2010, e que quedaron fora da adxudicación e que figuraban na propia resolución como parques suplentes. Entre eles, os futuros parques de Monte Acibal (45 MW), Banzas (39 MW), Pedregal (33 MW), Altos da Pedrida (45 MW), Tomonde (33 MW) e Serra Orrea (45 MW) en diversos concellos de Galicia.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cantos expedientes de solicitude de construción de parques eólicos ten presentado a empresa Capital Energy ante a Xunta de Galicia?

2. A que parques corresponden estes proxectos?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2018 17:50
Nº Rexistro: 27251
Data envio: 02/03/2018 17:50:44.534

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

3. En caso de telo presentado, cal é o estado do expediente de solicitude da empresa Capital Energy, para a construción dun parque eólico de 39 MW de potencia en Banzas, nos concellos de Mazaricos, Negreira e Outes?

Pazo do Parlamento, 2 de marzo de 2018

Asdo.: Abel Losada Álvarez
José Manuel Pérez Seco
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 02/03/2018 17:49:30

Jóse Manuel Pérez Seco na data 02/03/2018 17:49:36

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2018 18:07
Nº Rexistro: 27324
Data envio: 05/03/2018 18:07:34.554

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

Partido dos Socialistas de Galicia

O Consello Económico e Social (CES) creado pola Lei 6/1995, do 28 de xuño, é un instrumento de diálogo e deliberación entre os axentes económicos e sociais e a Xunta de Galicia, creado coa finalidade de facer efectiva a participación destes axentes na política socioeconómica da Comunidade Autónoma, tendo entre as súas funcións a emisión, en determinados supostos, de ditames preceptivos e tamén informes.

O pasado día 28 de febreiro de 2018 foi presentado o documento titulado *Por unha alianza no sector industrial galego: 50 propostas*. Durante a presentación deste documento a presidenta do CES, Sra. Porro Martínez, declarou que esperaba que o informe “non quedase nun caixón" e que "agora é a quenda dos xestores, dos que teñen a responsabilidade de tomar decisións".

Na páxina 406 do documento figura a proposta 3.1.1 denominada “Xerar unha canteira de científicos e tecnólogos, estimulando a curiosidade científica e a creatividade dende o inicio da ESO, e con atención particular á incorporación das nenas ao ámbito tecnolóxico”, que se xustifica na urxencia de contar con máis capital humano no ámbito científico-tecnolóxico e, ademais, reducir a fenda de xénero que evidencia a participación desigual das mulleres nas actividades científicas e tecnolóxicas.

Como indicadores de seguimento, proponse como valor desexado unha porcentaxe dun 44,4 % de persoas matriculadas en graos relacionados coas áreas STEM (*science, technology, engineering y mathematics*, correspondentes co galego a ciencias, tecnoloxía, enxeñería e matemáticas) en Galicia no ano 2020 (incrementando nun 20 % o valor actual) e dun 50 % o número de mulleres matriculadas en graos relacionados con áreas STEM en Galicia, tamén no ano 2020 (incrementando nun 47 % o valor actual).

Non obstante, o documento indica que carece de información agregada sobre o número de nenos e nenas involucrados en programas de divulgación científica extraescolares.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2018 18:07
Nº Rexistro: 27324
Data envio: 05/03/2018 18:07:34.554

Certamente, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ten iniciado liñas de actuación encamiñadas a potenciar as vocacións STEM, como se pode comprobar con facilidade na memoria presentada nos orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2018, onde podemos ler que é unha liña estratéxica Edudixital, a Estratexia galega para a educación dixital 2020, que trata de favorecer o desenvolvemento das competencias dixitais e científico-tecnolóxicas (STEM) do alumnado mediante o proceso educativo.

Tamén podemos comprobar que dentro da Estratexia galega para a educación dixital 2020 (Edudixital 2020) figura que os centros contarán con dotacións de recursos adecuados para o seu desenvolvemento e poranse en marcha plans específicos de formación para o profesorado e o alumnado (Semana STEM).

O anterior supón, a nivel de compromiso económico para o ano 2018, que no orzamento da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e dentro do programa 423B – Prevención do abandono escolar, existe unha consignación de 300.000 € para axudas ao alumnado e de 130.000 € para proxectos enmarcados na estratexia galega de educación dixital; se consideramos que a totalidade do programa 423B – Prevención do abandono escolar ten unha dotación de 23.121.879 €, concluímos que se destina directamente a actividades relacionadas co ámbito STEM o 0,56 % do orzamento dese programa.

Se empregamos os orzamentos do ano 2017 e a súa aplicación durante este curso 2017/2018, comprobamos que a Resolución do 12 de xullo de 2017 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa convoca a “Semana STEM” dirixida a alumnado de quinto e sexto cursos de Educación Primaria e primeiro e segundo cursos de Educación Secundaria obrigatoria convoca a selección de centros para a “Semana STEM”, dotando dita actividade con 210.540 € procedente da aplicación orzamentaria 10.50.423B.640.4, que corresponde a Mellora do éxito escolar.

Como resposta a esta iniciativa e mediante Resolución definitiva do 17 de outubro de 2017, resultan admitidos 11 centros (dos 36 solicitantes) con alumnado de quinto e sexto cursos de Educación Primaria e 8 centros (dos 31 solicitantes) con alumnado de primeiro e segundo cursos de Educación Secundaria Obrigatoria. En total, 150 alumnos de Educación Primaria e 153 de Educación Secundaria Obrigatoria.

Todo o exposto ata este momento evidencia que a resposta a esta necesaria iniciativa non está a ser, nin con moito, a desexable, máxime se temos en conta que estamos a dous anos do remate da estratexia.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2018 18:07
Nº Rexistro: 27324
Data envio: 05/03/2018 18:07:34.554

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Polos motivos expostos o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Considerando que dos orzamentos do ano 2017 se empregaron 210.540 € para a celebración das actividades relacionadas coa "Semana STEM" e que nos orzamentos do ano 2018 figuran, en total, 430.000 € para actividades de potenciación das vocacións STEM, considera a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que o compromiso orzamentario resulta suficiente?

2ª) Que valoración fai a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da participación dos centros da comunidade autónoma nas iniciativas desenvoltas ata este momento relacionadas coas vocacións STEM?

3ª) Se se considera que se debe incrementar a resposta, que iniciativas pensa levar a cabo?

4ª) Ten datos sobre a proporción de alumnas e alumnos participantes nos programas aos que vimos facendo referencia, que valoración fai deses datos?

5ª) Concorda a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria na necesidade de desenvolver actuacións específicas para reducir a fenda de xénero existente nas vocacións STEM, tal como propón o informe do CES, en caso afirmativo, que iniciativas específicas pensa desenvolver?

Pazo do Parlamento, 5 de marzo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 05/03/2018 18:04:17

Maria de la Concepción Burgo López na data 05/03/2018 18:04:24

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2018 18:09
Nº Rexistro: 27329
Data envio: 05/03/2018 18:09:45.246

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

No Pleno celebrado o día 25 de xaneiro de 2017 foi aprobada a Proposición non de lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, sobre a posta en marcha polo Goberno galego dunha plataforma de elaboración das programacións didácticas de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria e bacharelato para todos os centros docentes da comunidade autónoma de Galicia.

Na dita proposición, o texto aprobado establece que: "*O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a ampliar ás etapas de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria e bacharelato a liña emprendida pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en formación profesional, poñendo, á maior brevidade posible, un conxunto de instrumentos e ferramentas informáticas, que permitan a elaboración das programacións didácticas acorde co modelo curricular vixente.*"

Con data 10 de marzo de 2017, e dada a transcendencia que este grupo parlamentario considera que ten a cuestión, foi rexistrada unha pregunta (co número de entrada 6425) sobre as accións que tiña iniciado a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para acadar as finalidades previstas no texto aprobado.

Conscientes da dificultade da posta en marcha da dita plataforma, dificultade vinculada en gran medida á toma de decisións sobre o modelo e non ao soporte técnico ou informático preciso, este grupo parlamentario non formulou a pregunta na Comisión 4ª celebrada o día 1 de xuño de 2017.

Na dita comisión, o Sr. director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa informou das reunións mantidas e dos avances experimentados.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2018 18:09
Nº Rexistro: 27329
Data envio: 05/03/2018 18:09:45.246

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Transcorrido máis dun ano da aprobación en pleno da iniciativa, parece necesario coñecer o estado actual dos avances, así como a perspectiva temporal de posta en funcionamento da plataforma en cuestión.

Por iso o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que accións ten desenvolto, desde o inicio deste curso 2017/2018, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para acadar as finalidades previstas no texto aprobado?

2ª) Que grao de desenvolvemento se ten acadado ata este momento?

3ª) En que momento considera a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que a plataforma estará plenamente operativa para o seu uso por parte dos centros educativos desta comunidade autónoma?

Pazo do Parlamento, 5 de marzo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 05/03/2018 17:50:04

Maria de la Concepción Burgo López na data 05/03/2018 17:50:11

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2018 18:17
Nº Rexistro: 27333
Data envio: 05/03/2018 18:17:53.339

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

O Grupo Parlamentario Socialista presentou emendas aos orzamentos de 2018, así como aos dos anteriores anos, para compensar as partidas que se ven desatendidas, debido a que unha boa parte do programa 723A Competitividade e mellora da calidade da produción pesqueira e da acuicultura, vai destinado a investimentos produtivos na acuicultura.

Hoxe, desde distintas confrarías da Costa da Morte, vólvese chamar a atención sobre esta cuestión, xa que ven como das pedras estratéxicas para o percebe, extráese a mexilla, co consentimento da Xunta, esquilman as rochas, poñendo en perigo un recurso que é fundamental. As persoas percebeiras ven con asombro, rabia e impotencia o abuso que supón o que se poida extraer mexilla por todo o litoral galego, destruíndo todo o labor de protección e coidado deste recurso. Todos os esforzos fronte o furtivismo no serven para nada se logo é o propio Goberno galego o que autoriza esta práctica que impide o crecemento do percebe e desbota todo o seu traballo.

Coa chegada da Semana Santa, desde Galicia, destino turístico entre outras cuestións pola súa gastronomía, obsérvase con preocupación que nin a extracción da mexilla nin a meteoroloxía axudan a quen del depende economicamente dun recurso cada vez é máis escaso e de menor talla.

Por iso a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) É coñecedor o Goberno galego das terribles consecuencias que sobre o percebe está a causar a extracción da mexilla ou outras especies, que valoración fai ao respecto?

2ª) Vai establecer zonas exentas de extracción de mexilla nas áreas de especial sensibilidade para o percebe galego, en caso positivo, cando?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2018 18:17
Nº Rexistro: 27333
Data envio: 05/03/2018 18:17:53.339

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

3ª) Púxose en contacto o Goberno galego coas distintas confrarías para chegar a unha solución que permita que todos os esforzos de protección fronte ao furtivismo non se vexan arruinados por prácticas que esquilman o recurso, aínda co beneplácito da Xunta?

Pazo do Parlamento, 5 de marzo de 2017

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 05/03/2018 18:16:56

Julio Torrado Quintela na data 05/03/2018 18:17:09

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2018 09:30
Nº Rexistro: 27345
Data envio: 05/03/2018 18:32:15.614

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas, deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.ª.**

O Ministerio de Economía, Industria e Competitividade, publica unha estatística sobre o investimento estranxeiro no conxunto do Estado,con información desagregada por CCAA, na que se recolle tanto o investimento recibido como o realizado por empresas españolas fóra do Estado español.

Os últimos datos dispoñibles son os dos tres primeiros trimestres de 2017 e o seu resultado é moi negativo para Galicia.

Galicia recibiu tan só 90 millóns de euros de investimento exterior, unha cifra moi reducida que equivale ao 0,6% do total do investimento exterior no conxunto do Estado.

No último exercicio completo, o de 2016, o resultando aínda foi peor porque a porcentaxe de participación de Galicia quedouse no 0,5%.

Unha cifra irrelevante en valores absolutos e moi preocupante en termos relativos, porque Galicia supón o 5% do PIB do Estado, o que significa que a participación nos fluxos de investimento estranxeiro é dez veces inferior ao peso que ten na economía. Ante estes datos oficiais do Ministerio, que ademais se repiten historicamente, o Grupo Parlamentar de En Marea formula as seguintes preguntas:

1.ª) Que explicación da a Xunta de que Galicia teña unha presenza irrelevante no fluxo de investimento exterior?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2018 09:30
Nº Rexistro: 27345
Data envio: 05/03/2018 18:32:15.614

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

2.ª) Cales son as razóns polas que Galicia non resulta atractiva para o investimento?

3.ª) Como é posible que sendo o 5% do PIB do estado recibamos tan só o 0,5% do investimento total?

4.ª) Cal é o custe, en termos de crecemento da economía e do emprego, da ausencia case total de investimento exterior para Galicia?

5.ª) Como explica a Xunta o fracaso absoluto da estratexia para captar investimento exterior?

6.ª) Ten realizado a Xunta unha análise sobre as causas deste fracaso?

7.ª) Ten realizado algún estudio para cambiar de estratexia ou vai continuar utilizando os mesmos instrumentos que xa fracasaron?

Santiago de Compostela, 5 de marzo de 2018.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Deputado do G.P de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2018 09:30
Nº Rexistro: 27345
Data envio: 05/03/2018 18:32:15.614

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

José Manuel Lago Peñas na data 05/03/2018 18:28:14

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2018 10:36
Nº Rexistro: 27355
Data envio: 06/03/2018 10:36:02.389

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez e **Sandra Vázquez Domínguez,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

A Diabete Mellitus é unha enfermidade metabólica crónica con un gran impacto a nivel social, pero tamén económico.

Caracterízase pola elevación dos niveis de azucre no sangue, por deficiencia na produción ou a acción da Insulina.

Precisa atención médica continua, e estratexias de control das cifras de glucosa para diminuír o risco e o desenvolvemento de complicacións propias da enfermidade.

Clasifícase en catro categorías: a tipo I, a tipo II; a xestacional e a secundaria, debido a outras enfermidades ou inclusive a tratamentos farmacolóxicos.

A Diabete Mellitus tipo I, representa entre o 5-10% dos casos de diabetes, e afecta principalmente a nenos e adolescentes, precisando en todos os casos a administración de insulina para o seu tratamento.

A Diabete tipo II, é unha enfermidade da idade adulta, en relación co déficit ou a resistencia á insulina. Considérase á obesidade como causa primeira desta variedade de diabete, en persoas con predisposición xenética.

A diferencia da diabete tipo I, a tipo II pódese tratar inicialmente con dieta e exercicio, e posteriormente en moitos casos con distintos medicamentos por vía oral. Noutros casos, ou na propia evolución da doenza, é preciso o tratamento con insulina.

Ven a representar arredor do 90% do total dos casos desta enfermidade.

As complicacións agudas mais frecuentes son a hipoglucemia, a hiperglucemia e a cetoacidose. Entre as complicacións a longo prazo, desatacan a retinopatía, a nefropatía, a neuropatía, e as complicacións macrovasculares.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2018 10:36
Nº Rexistro: 27355
Data envio: 06/03/2018 10:36:02.389

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

De cara a evitar a aparición destas complicacións faise necesario ter un control sobre as cifras sanguíneas de azucre. A automonitorización da glucosa no sangue capilar feita polo propio paciente permite avaliar a resposta ao tratamento de xeito individual, axustando a súa inxesta de comida, a súa actividade física e a súa medicación. Este sistema estase a utilizar a día de hoxe.

Os avances técnicos e nas TICs poderían facilitar este control e monitorización, de xeito que mellore a calidade de vida destas persoas, a morbilidade asociada e a propia evolución da enfermidade e complicacións.

A diabete é unha enfermidade crónica que afecta seriamente a vida do paciente, da súa familia e do seu entorno. Sabemos que en Galicia estase a traballar en distintos proxectos dirixidos a estes pacientes.

En diversos medios recóllense avances nas tecnoloxías sanitarias sobre novidosos sistemas de control da glucemia que, sobre todo en nenos, poderían supoñer un avance significativo no control da súa diabete.

Polo exposto os deputados deste Grupo formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Ten previsto a Consellería de Sanidade incorporar algún destes sistemas tecnolóxicos de control da glucemia para pacientes do Servizo Galego de Saúde?

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 06/03/2018 10:28:43

María Encarnación Amigo Díaz na data 06/03/2018 10:28:51

María Ángeles Garcia Míguez na data 06/03/2018 10:28:57

Marta Rodriguez Arias na data 06/03/2018 10:29:03

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 06/03/2018 10:29:12

María Soraya Salorio Porral na data 06/03/2018 10:29:20

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 06/03/2018 10:29:27

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2018 10:36
Nº Rexistro: 27355
Data envio: 06/03/2018 10:36:02.389

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Raquel Arias Rodríguez na data 06/03/2018 10:29:35

Sandra Vázquez Dominguez na data 06/03/2018 10:29:43

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2018 10:44
Nº Rexistro: 27362
Data envio: 06/03/2018 10:44:23.623

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Losada Álvarez e Noela Blanco Rodríguez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

A asociación de directoras y xerentes de Servizos Sociais acaban de publicar un informe elaborado cos datos de 2017 do Ministerio de Facenda, sobre o índice de desenvolvemento dos servizos sociais 2017.

O dito estudo emprega o índice DEC, que intenta medir e avaliar o desenvolvemento das estruturas e orzamentos dun sistema, os servizos sociais que atenden ás necesidades de máis de oito millóns de persoas en España.

O índice DEC aborda tres aspectos esenciais no desenvolvemento do Sistema Público de Servizos Sociais:

D). Dereitos e decisión política (ata 1,5 puntos da valoración global).

Acádase a Excelencia se teñen unha Lei que recoñece dereitos subxectivos, e Catálogo ou Carteira que os desenvolva.

Perda temporal da Excelencia: dous anos consecutivos con perspectiva negativa.

E). Relevancia Económica (ata 3 puntos de valoración global)

Acádase a excelencia e obteñen polo menos 1,1 puntos en gasto consolidado e como mínimo un 0,5 puntos en % respecto ao PIB rexional.

C). Cobertura (ata 5,5, puntos de valoración global)

Acádase a excelencia se obteñen polo menos a puntuación media de 8 dos 16 aspectos valorados, e como mínimo 4 de eles a máxima.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2018 10:44
Nº Rexistro: 27362
Data envio: 06/03/2018 10:44:23.623

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Cada un dos aspectos desagréganse en diversos indicadores, aos que se lles asigna unha puntuación, e que a súa suma determina o resultado que cada comunidade autónoma obtén no correspondente aspecto e no total. De igual xeito, establécense as condicións para acadar a excelencia en cada un dos tres aspectos. A conxunción da excelencia acadada en cada un dos tres aspectos e da puntuación total, determina a cualificación outorgada ao desenvolvemento do sistema de Servizos Sociais en cada Comunidade Autónoma de acordo cunha escala previamente determinada.

Neste índice Galicia obtén unha cualificación global "Débil 4,15", ocupando o posto 13 na clasificación das comunidades autónomas no desenvolvemento do seu sistema público de servizos sociais, sendo o gasto por habitante e ano en 2016 de 274,91 €, inferior ao rexistrado no 2011 (278,09 €) e por debaixo da media do conxunto de España (339,69 €).

Á vista destes datos as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cal é a valoración que fai a Xunta de Galicia sobre a cualificación global obtida?

2ª) Que accións ten pensado levar a cabo a Xunta de Galicia na procura da mellora no desenvolvemento do sistema público dos servizos sociais?

Pazo do Parlamento, 6 de marzo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 06/03/2018 10:38:30

Abel Fermín Losada Álvarez na data 06/03/2018 10:38:34

Noela Blanco Rodríguez na data 06/03/2018 10:38:50

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2018 11:25
Nº Rexistro: 27373
Data envio: 06/03/2018 11:25:01.678

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Olalla Rodil Fernández**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª**, relativa á atención da cirurxía pediátrica en Ourense.

A sanidade debera ser entendida por parte da Administración galega como un servizo público elemental para a boa calidade de vida dos galegos e galegas, máis aínda cando falamos da poboación infantil. Porén, para o caso de Ourense as decisións durante anos dos gobernos Feijóo camiñaron en dirección contraria. Así as cousas, durante os primeiros días do mes de outubro de 2013 coñeceuse publicamente a confirmación da decisión unilateral do SERGAS de constituír para a cirurxía pediátrica unha área de servizo compartido para a zona sur de Galiza.

Esta decisión supuxo na práctica que moitas familias e crianzas de Ourense que precisen deste servizo fóra da xornada ordinaria e da programación teñan que desprazarse a Vigo para o empregar. Para as crianzas e para as persoas da súa contorna persoal, desprazarse a Vigo supón un esforzo e unha complicación, máis aínda cando se trata de nenos e nenas de fóra da cidade ou das poboacións achegadas á conexión con Vigo.

No ano 2018, malia o incremento de capacidade orzamentaria, non houbo rectificación algunha. Desde o BNG entendemos que esta situación non está xustificada e obedece unicamente á consolidación de políticas en materia de recortes que vén

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2018 11:25
Nº Rexistro: 27373
Data envio: 06/03/2018 11:25:01.678

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

aplicando o goberno do Partido Popular desde a chegada de Feijoo á presidencia da Xunta. Máis aínda, nos últimos meses este grupo parlamentar recibiu denuncias de persoas afectadas que referiron o empeoramento do servizo chegando a vivir situacións nas que os preoperatorios caducaron e se incumpriron os prazos de agarda fixados pola normativa. Polo tanto, varios anos despois da implantación do sistema, urxe a súa revisión.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Que actuacións levará a cabo a Xunta de Galiza para corrixir as deficiencias na atención de cirurxía pediátrica das e dos doentes de Ourense?

- Ten pensado o goberno galego rectificar a súa decisión de unificar a atención da cirurxía pediátrica das áreas de Vigo e Ourense?

- É consciente o goberno galego das dificultades e mesmo situacións traumáticas que pode supoñer para unha crianza de, por exemplo, o Ourense oriental, desprazarse até Vigo para unha intervención?

- Ten cuantificado o goberno galego o gasto económico e de recursos persoais e materiais que supoñen estes desprazamentos para o SERGAS?

- Como valora o goberno galego a ratio de espera das persoas doentes de esta área?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2018 11:25
Nº Rexistro: 27373
Data envio: 06/03/2018 11:25:01.678

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Considera o goberno galego que a precarización da atención dun servizo elemental para a seguridade da poboación infantil contribúe a fixar poboación e reverter a crise demográfica?

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 06/03/2018 11:23:25

María Montserrat Prado Cores na data 06/03/2018 11:23:31

Ana Pontón Mondelo na data 06/03/2018 11:23:32

Xose Luis Rivas Cruz na data 06/03/2018 11:23:33

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2018 11:25
Nº Rexistro: 27373
Data envio: 06/03/2018 11:25:01.678

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 06/03/2018 11:23:35

Xosé Luis Bará Torres na data 06/03/2018 11:23:36

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2018 16:30
Nº Rexistro: 27388
Data envio: 06/03/2018 16:23:09.996

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Juan Manuel Díaz Villoslada e Noela Blanco Rodríguez, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Dende a Xunta de Galicia vénse afirmando recentemente a necesidade dunha reforma da lexislación referente ao xogo en Galicia, actualizando as normativas existentes (autonómica en 1985 e a estatal máis recente promovida en 2011 polo Goberno de José Luis Rodríguez Zapatero). A existencia de novos formatos, como o xogo online, e a tolerancia social desenvolvida ao redor dun problema de gravidade que aínda non é percibido socialmente como tal, fan necesaria unha aposta decidida por regular o sector de forma rigorosa e por potenciar, de maneira específica, as vertentes referidas a promoción de xogo responsable, prevención de condutas aditivas e o plano asistencial para as persoas afectadas e/ou rehabilitadas.

Na actualidade, a asociación das cuestións do eido sanitario relativas ao xogo céntranse no aspecto asistencial, e de maneira máis tibia do que sería necesario. A importancia fundamental do sector tense en conta dende puntos de vista fiscal e tributario, pero non se atende correctamente por parte da administración as cuestións de prevención de condutas aditivas e asistenciais. Resulta necesario elevar a dotación orzamentaria dedicada a prevención e tratamento de condutas aditivas, non en tanto todas as suxestións que se veñen facendo vía emendas aos orzamentos da comunidade autónoma son sistematicamente rexeitadas pola maioría que sustenta ao goberno autonómico, impedindo que estas partidas puideran promover maior e mellor atención ás persoas afectadas.

No mesmo sentido, debera ser asumido que unha das cuestións máis importantes no tratamento do xogo dende a perspectiva de conduta aditiva está na tolerancia social existente, como así apunta o coñecemento existente froito da investigación e o traballo dos expertos.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2018 16:30
Nº Rexistro: 27388
Data envio: 06/03/2018 16:23:09.996

Estas ideas derivan na necesidade de afrontar unha perspectiva pedagóxica que hoxe en día non está a existir, e que debera ter especial incidencia nos colectivos máis mozos, pois a idade de inicio de condutas de xogo está a diminuír preocupantemente. Na actualidade, recentes estudios sinalan como franxa de idade de maior condutas ao redor do xogo en torno ao grupo de 18 a 25 anos, cando hai apenas 5 anos se situaba na franxa dos 35 aos 40 anos. A irrupción do xogo online, a aparición de maiores medios e plataformas, tanto virtuais como online, a facilidade de acceso non controlado e outras cuestións relativas ao baixo control existente favorecen que o problema actual teña unha gravidade elevada e crecente.

Dadas estas cuestións, todo apunta á necesidade de focalizar maior atención e compromiso nas políticas de prevención de condutas aditivas en torno ao xogo e asistencia sobre xogo patolóxico, cuestións que ademais deberan ser especificamente atendidas coa importancia que se merecen nas vindeiras modificacións legais correspondentes.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. En que medida pretende a Consellería de Sanidade influír na actualización da normativa existente sobre o xogo en Galicia?
2. Que accións ou ideas considera a Consellería de Sanidade que deben ser tidas en conta na vindeira lei sobre xogo de Galicia?
3. Que aspectos pedagóxicos cree a Consellería de Sanidade que debe fomentar para mellorar a prevención en condutas aditivas relacionadas con xogo patolóxico?
4. Por que a Consellería de Sanidade valorou negativamente a inclusión de emendas aos orzamentos autonómicos que pretendían aumentar as partidas destinadas a tratamento de condutas aditivas?
5. Como valora a Consellería de Sanidade a atención asistencial a disposición das persoas afectadas por trastornos derivados do xogo?

Pazo do Parlamento, 6 de marzo de 2018

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2018 16:30
Nº Rexistro: 27388
Data envio: 06/03/2018 16:23:09.996

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 06/03/2018 16:18:49

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 06/03/2018 16:18:55

Noela Blanco Rodríguez na data 06/03/2018 16:19:01

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2018 17:30
Nº Rexistro: 27393
Data envio: 06/03/2018 17:30:50.318

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Carmen Santos Queiruga e Paula Vázquez Verao, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 1.ª**

A Lei 2/2006 de Dereito Civil de Galicia foi aprobada no Parlamento de Galicia e publicada no Boletín Oficial do Parlamento o día 6/06/2006. Esta lei, no seu título II ocúpase da adopción e no título III da autotutela (artigos desde 27 a 45), dezaoito artigos nos que se regulan estas dúas figuras xurídicas.

Esta Lei 2/2006 de Dereito Civil de Galicia, foi aprobada polo Parlamento galego por unanimidade, con 74 votos a favor.

O presidente do Goberno daquela, José Luis Rodríguez Zapatero, do PSOE no Consello de Ministros do 24 de marzo de 2007, acordou interpoñer recurso de inconstitucionalidade contra os artigos 27 a 45 da Lei de Galicia 2/2006 de 14 do xuño de Dereito Civil de Galicia (publicada no DOG de 29 do xuño de 2006).

A existencia dunha vara de medir diferente para cada comunidade constatouse porque namentres en Galicia se interpuña este recurso de inconstitucionalidade contra a lei de dereito civil galega, o mesmo goberno de Zapatero anulaba un recurso de inconstitucionalidade interposto por o goberno de José María Aznar (2003) contra a lei de dereito civil de Cataluña.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2018 17:30
Nº Rexistro: 27393
Data envio: 06/03/2018 17:30:50.318

Este recurso de inconstitucionalidade contra dita Lei de Dereito Civil de Galicia foi admitido a trámite mediante providencia do 22 de maio de 2007, con número 2845/2007.

Segundo a sentenza do TC 133/2017 de 16 do novembro de 2017, esta regulación excede das competencias para a conservación, modificación e desenvolvemento do Dereito civil propio atribuídas polo artigo 27.4 do Estatuto de Autonomía de Galicia, vulnerando a competencia estatal nesta materia recollida no artigo 149.1.8 da CE.

Na súa sentencia o Tribunal Constitucional declara inconstitucionais e nulos o título II(artigos 27 a 41) sobre a adopción e o título III (artigos 42 a 45) sobre a autotutela, cos efectos previstos no fundamento xurídico 8 no que se determina o alcance temporal dos efectos de tal declaración de inconstitucionalidade. A data de publicación da sentenza, o 20 de decembro de 2017 é a data clave para a limitación temporal dos efectos da mesma.

"O noso pronunciamento de inconstitucionalidade dos artigos 27 a 41 da lei 2/2006 non afectarán as adopcións que sexan firmes na data de publicación desta sentencia, pois o principio de seguridade xurídica, consagrado no artigo 9.3 CE, aconsella limitar os efectos desta resolución a aqueles procesos de adopción que se atopen en curso (que deberán axeitarse ós mandatos das normas civís do Dereito común e ás procesuais de carácter estatal) ademais, loxicamente dos que se inicien con posterioridade á dita publicación."

No **portal galego de adopcións da Xunta de Galicia,** constátase que non hai corrección das leis que se manexan a nivel autonómico nin alusión a esta sentencia do TC, que declara nulas estas disposicións de adopción e de autotutela, que se rexerán no sucesivo polo disposto no código civil e na lei de axuizamento civil.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2018 17:30
Nº Rexistro: 27393
Data envio: 06/03/2018 17:30:50.318

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

No portal **Lexgal** tampouco se fai mención a nulidade desta regulación.

Finalmente, debemos indicar que segundo fontes xornalísticas con cita da propia Consellería (publicado entre outros en La Voz de Galicia de 2 de marzo de 2018) indícase que " *La Xunta valora intensamente ampliar la diferencia de edad entre adoptante y menor a 45 años*". De ser certa esta información, e tendo en conta que a lexislación aplicable dende o 21 de decembro é o dereito común (FX 8º), e polo tanto o Código civil, que no artigo 175.1 establece (non valora) a diferenza de idade máxima entre adoptante e adoptado en 45 anos, sorprende que a Xunta só estea a sopesar aplicar a lei vixente.

Polo exposto, os deputados do Grupo Parlamentario de En Marea, presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1.ª:

1.- Por que non se atopa modificada a lexislación nos portais da Xunta?

2.- Por que non aparecen as modificacións operadas pola Sentenza 133/2017 no portal de adopcións de Galicia, transcorridos dous meses e medio desde a súa publicación do BOE?

3.- Está a Xunta de Galicia a aplicar a doutrina emanada da Sentenza aos expedientes de adopción en curso, con revisión da normativa aplicable no expediente (FX 8º da Sentenza)?

4-. Existe algunha razón legal por parte da Xunta de Galicia para non aplicar a lei vixente dende o 21 decembro de 2017, que é a do Código Civil?

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2018.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2018 17:30
Nº Rexistro: 27393
Data envio: 06/03/2018 17:30:50.318

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asdo.: Luís Villares Naveira

Carmen Santos Queiruga

Paula Vázquez Verao

Deputado e deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 06/03/2018 17:30:09

Carmen Santos Queiruga na data 06/03/2018 17:30:17

Paula Vázquez Verao na data 06/03/2018 17:30:24

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2018 17:43
Nº Rexistro: 27396
Data envio: 06/03/2018 17:43:54.336

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

En xuño de 2016 (hai case 2 anos, polo tanto), o conselleiro de Xustiza prometía que, antes do verán de 2018, podería entrar en funcionamento o novo edificio xudicial de A Parda en Pontevedra (20.000 metros cadrados, espazo para albergar 25 sedes xudiciais, 240 prazas de estacionamento, unha pasarela que o comunicará co actual...). O propio Rueda firmaba o contrato de inicio das obras coa empresa construtora ("COPROSA, SA") o día 28 de xuño, cuxo responsable encomiaba o deseño do futuro edificio e anunciaba que nos picos de maior actividade serán entre 100 e 150 os operarios que traballarán na obra, comprometendo que boa parte serán contratados en Pontevedra, así como que as empresas subministradoras sexan tamén da comarca.

Mais se unha se pasea pola Parda, e aínda que non se poda predicir o futuro, terá claro que o funcionamento do novo edificio xudicial antes de que chegue o verán é imposible.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Pode seguir prometendo o Goberno galego que, antes do verán deste ano 2018, entrará en funcionamento o novo edificio xudicial de A Parda, en Pontevedra?
1. Vai cumprir o Goberno galego o compromiso da execución das obras de urbanización e de conexión coas redes de servizos existentes, imprescindibles para obter a licenza municipal?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2018 17:43
Nº Rexistro: 27396
Data envio: 06/03/2018 17:43:54.336

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

2. Cando prevé o Goberno que entrará en funcionamento o novo edificio xudicial de A Parda?

Pazo do Parlamento, 6 de marzo de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Luisa Pierres López
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 06/03/2018 17:34:21

María Luisa Pierres López na data 06/03/2018 17:34:26

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 06/03/2018 17:34:30

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 06/03/2018 17:34:35

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2018 17:56
Nº Rexistro: 27406
Data envio: 06/03/2018 17:56:03.636

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Juan José Merlo Lorenzo e Carmen Santos Queiruga, deputado e deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6.ª.

Ante a necesidade de abrazar os novos sistemas de propulsión desenvoltos pola enxeñería automotriz, especialmente os vehículos eléctricos, expúxose a vontade por parte do Sr. Ministro Álvaro Nadal de facilitar a instalación de postes de recarga e desregular a figura do xestor de carga para que calquera poida fornecer enerxía eléctrica para os automóbiles eléctricos e híbridos enchufables.

Desde o punto de vista ambiental, o vehículo eléctrico é unha das solucións paliativas para frear o cambio climático si, e só si, a enerxía empregada para a súa propulsión é de orixe 100% renovable.

A chegada deste tipo de vehículos ás nosas estradas depende en gran medida de que existan as infraestruturas necesarias para os mesmos.

Neste marco e nun futuro inmediato, requírese un estudo pormenorizado das mellores localizacións para brindar este servizo, abrindo un novo modelo de negocio non só a instalacións de xeración de electricidade renovable illadas de rede para brindar estes servizos, senón para que pequenos e medianos investidores, sobre todo no rural, poidan ofrecer un servizo que mellore a mobilidade neses territorios respectando o valor do noso patrimonio ambiental e que supoñerá un valor engadido para o turismo e unha reversión da desvantaxe

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2018 17:56
Nº Rexistro: 27406
Data envio: 06/03/2018 17:56:03.636

competitiva que tanto os profesionais, como a cidadanía en xeral, vén sufrindo en Galicia polos abusivos prezos dos combustibles fósiles.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario En Marea presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1- Como valora a Xunta de Galicia, a necesidade da adopción dos vehículos eléctricos e híbridos enchufables?

2- Cal é a previsión da Xunta de Galicia da adopción deste tipo de vehículos en Galicia e que medidas está a tomar na actualidade para facilitar a mesma?

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2018.

Asdo.: Juan José Merlo Lorenzo
Carmen Santos Queiruga
Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Juan José Merlo Lorenzo na data 06/03/2018 17:33:26

Carmen Santos Queiruga na data 06/03/2018 17:33:38

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2018 17:57
Nº Rexistro: 27409
Data envio: 06/03/2018 17:57:31.160

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas, deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.ª.**

O Ministerio de Economía, Industria e Competitividade, publica unha estatística sobre o investimento estranxeiro no conxunto do Estado,con información desagregada por CCAA, na que se recolle tanto o investimento recibido como o realizado por empresas españolas fóra do Estado español.

Os últimos datos dispoñibles son os dos tres primeiros trimestres de 2017 e o seu resultado é moi negativo para Galicia.

Galicia recibiu tan só 90 millóns de euros de investimento exterior, unha cifra moi reducida que equivale ao 0,6% do total do investimento exterior no conxunto do Estado.

No último exercicio completo, o de 2016, o resultando aínda foi peor porque a porcentaxe de participación de Galicia quedouse no 0,5%.

Unha cifra irrelevante en valores absolutos e moi preocupante en termos relativos, porque Galicia supón o 5% do PIB do Estado, o que significa que a participación nos fluxos de investimento estranxeiro é dez veces inferior ao peso que ten na economía.

Na mesma estatística do Ministerio recóllese o investimento no exterior realizado por empresas con domicilio social en Galicia. E, aquí, os resultados son moi diferentes, xerando un problema de desequilibro da economía galega, porque o

saldo entre o investimento recibido e o investimento realizado fora é moi negativo para Galicia.

No último exercicio con datos completos, o 2016, as empresas con domicilio social en Galicia realizan investimentos noutros estados por un importe de 1.433 millóns de euros. Pola contra, nese ano os investimentos recibidos apenas chegaron a 118 millóns e euros.

Por tanto, tan só en 2016 o déficit no investimento entre os fluxos de entrada e de saída de capital chegou ata os 1.315 millóns de euros.

No informe estatístico recóllese unha serie histórica dende 1993 ata o terceiro trimestre de 2017, que contén unha cifra acumulada moi negativa. Nos últimos case vinte cinco anos Galicia recibiu investimento procedente do exterior por un importe acumulado de 3.306 millóns de euros mentres que o investimento realizado no exterior por empresas domiciliadas en Galicia supera os 17.000 millóns de euros. O resultado é un déficit de investimento de case 14.000 millóns de euros.

Isto significa que Galicia non foi quen de atraer investimento para compensar a saída de capital inversor das empresas galegas, o que supón trasladar empresas, emprego, capital e crecemento económico fóra do noso país.

Ante estes datos, o Grupo Parlamentar de En Marea formula as seguintes preguntas:

1.ª) Como explica a Xunta que o fluxo de entradas e saídas de investimentos acumule un saldo negativo contra Galicia de case 14.000 millóns de euros?

2.ª) Como valora a Xunta que nos últimos vinte cinco anos Galicia só recibira 3.300 millóns de investimento mentres que de Galicia saíron 17.000 millóns para financiar investimentos noutros países?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2018 17:57
Nº Rexistro: 27409
Data envio: 06/03/2018 17:57:31.160

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

3.ª) Como valora a Xunta que en todos e cada un dos últimos vinte anos o saldo exterior de investimentos sexa negativo, na fase expansiva de 1996 a 2007, na recesión 2008/2014 e agora tamén na fase alcista iniciada en 2014?

4.ª) Ten cuantificado o custe que estamos pagando por este déficit en termos de crecemento económico e emprego?

5.ª) Ten pensado nalgunha actuación para corrixir este desequilibrio exterior que se leva fóra de Galicia cunha fonte considerable de riqueza?

6.ª) Como valora que un país, co nivel de desenvolvemento económico que ten Galicia, sexa un exportador neto de capital?

Santiago de Compostela, 5 de marzo de 2018.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Deputado do G.P de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 06/03/2018 17:49:24

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2018 18:29
Nº Rexistro: 27412
Data envio: 06/03/2018 18:29:35.247

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez e **Paula Quinteiro Araujo**, deputado e deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7.ª,** sobre o uso das bases helitransportadas da Xunta de Galicia por helicópteros da empresa Babcock fóra de contrato.

Dende a época de lumes que arrasou gran parte do país galego, no mes de outubro, En Marea vén denunciando o incumprimento por parte da Consellería de Medio Rural de varias normativas en diferentes ámbitos, que pode ir dende material caducado e residuos químicos amoreados sen control, como na base das aeronaves de carga en terra de Antela (Concello de Xinzo de Limia), ata informes que emitiu Inspección de Traballo sobre incumprimentos laborais e tarefas de extinción en tódolos distritos forestais da comunidade.

Ademais de todo isto, investigacións de algún xornal, fixo públicas as tarefas de mantemento integral (inspeccións que corresponden por horas de voo) que a empresa Babcock, adxudicataria deste servizo destinada a defensa contra incendios forestais da Consellería de Medio Rural , estaba realizando nunha base da propia Consellería. Toén.

A CIG, por medio dun escrito remitido a Medio Rural, vén de pedir explicacións de por que o helicóptero modelo B3 con matrícula EC-KZL, pertencente á empresa Babcock, concesionaria dos medios aéreos extinción do Goberno galego, está aparcado na base pública de Queimadelos, situada no Concello de Mondariz (Pontevedra), cando xa rematou a tarefa para a que fora contratado.

Segundo consta no escrito, a aeronave ocupouse de facer tarefas de restauración (helimulching) en zonas do Macizo Central Ourensá e facía base na Base Helitransportada de San Xoán de Rio (Ourense).

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2018 18:29
Nº Rexistro: 27412
Data envio: 06/03/2018 18:29:35.247

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

O 1 de xaneiro de 2018, En Marea xa denunciou que no distrito XIII (comarca de Trives-Caldelas) atópase a empresa Tragsa e Babcock facendo estes traballos e ocupando a base helitransportada de San Xoán de Río para facer estas labores de restauración e xa preguntamos se a empresa Tragsa posuía permiso de cesión das instalacións públicas da Consellería de Medio Rural para facer uso delas.

A empresa UTE-INAER Galicia (actualmente Babcock), xunto ca consultoría Natutécnia, foi contratada pola Xunta de Galicia para un servizo de helicóptero e brigada durante os anos 2015, 2016 e 2017, con prórrogas ate 2019 destinado na base ourensá de Toén (Expediente 15/2015). Pois ben, a CIG, vén de solicitarlle a rescisión de contrato a estas empresas por incumprimento reiterado das prescricións técnicas do servizo ao mudar un helicóptero mod. PUMA por un de menos prestacións en carga de auga e brigada, o Bell 412.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar de En Marea realiza as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1. Que resposta da a Xunta de Galiza a que un helicóptero pertencente a unha empresa privada estea estacionado nunha base pública unha vez rematado o seu cometido?

2. É coñecedora a Xunta de Galiza de que os terreos da base helitransportada de Queimadelos está situada en terreos de propiedade veciñal?

3. Que vai a facer a Xunta de Galicia para compensar os propietarios dos terreos?

4. Posuía a empresa Tragsa e BabCock permiso de cesión das instalacións públicas da Consellería de Medio Rural (Base Helitransportada de San Xoán de Rio) para facer uso delas no proceso de aplicación de heomulching despois dos incendios forestais?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2018 18:29
Nº Rexistro: 27412
Data envio: 06/03/2018 18:29:35.247

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Santiago de Compostela a 06 de marzo de 2018

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez,

Paula Quinteiro Araújo

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 06/03/2018 18:25:36

Paula Quinteiro Araújo na data 06/03/2018 18:25:43

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2018 09:30
Nº Rexistro: 27416
Data envio: 06/03/2018 18:46:02.323

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

José Manuel Pérez Seco e Abel Fermín Losada Álvarez, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

O día 16 de marzo de 2017 debateuse na comisión 6ª a iniciativa número 5637 presentada polo Grupo Parlamentario Partido Popular, á que este grupo lle presentou unha emenda (documento número 6722), a foi aprobada por unanimidade dos 12 deputados/as presentes.

O texto aprobado foi o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia á posta en marcha de actuacións que permitan dotar de servizos de banda larga ultrarrápida aqueles autónomos ou empresas illadas situadas no rural que se atopan en situación de desigualdade dixital fronte ás empresas das zonas máis urbanas.»

Co motivo de facer un seguimento do texto aprobado xa hai case un ano, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que actuacións puxo en marcha a Xunta de Galicia que permitan dotar de servizos de banda larga ultrarrápida aqueles autónomos ou empresas illadas situadas no rural que se atopan en situación de desigualdade dixital fronte ás empresas das zonas máis urbanas?

2ª) Que dotación económica contempla a Xunta de Galicia para dotar de servizos de banda larga ultrarrápida aqueles autónomos ou empresas illadas situadas no rural?

3ª) Cales foron os núcleos onde se fixeron actuacións, se for o caso, en que datas?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2018 09:30
Nº Rexistro: 27416
Data envio: 06/03/2018 18:46:02.323

Grupo Parlamentario

Pazo do Parlamento, 6 de marzo de 2018

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 06/03/2018 16:10:55

Abel Fermín Losada Álvarez na data 06/03/2018 16:11:04

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2018 09:30
Nº Rexistro: 27417
Data envio: 06/03/2018 18:46:27.450

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

José Manuel Pérez Seco e Abel Fermín Losada Álvarez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

O día 21 de marzo de 2017 debateuse no pleno a iniciativa número 4820 presentada polo Partido Popular, a cal foi aprobada por unanimidade dos 75 deputados/as presentes.

O texto que se aprobou foi o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1º. Dirixirse o Goberno de España para colaborar coa Xunta de Galicia para desenvolver unha actuación conxunta de despregamento de redes de acceso de nova xeración (NGA) de moi alta velocidade (100 Mbps), empregando os fondos europeos dos que dispoñen ambas as administracións, para garantir o cumprimento dos obxectivos europeos de cobertura das redes de nova xeración á vez que se aumenta a eficiencia dos fondos públicos.

2º. Dirixirse ao Goberno de España para obrigar os operadores que resultaron adxudicatarios de bloques de frecuencias na banda de 800 Mhz a completar conxuntamente, antes do 1 de xaneiro de 2020, unha cobertura que permita o acceso a unha velocidade de 30 megabits por segundo (Mbps) a, cando menos, o 90 % dos habitantes das poboacións de menos de 5.000 habitantes de Galicia.»

Non obstante, e co fin de levar o control dos acordos aprobados no Parlamento, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Desenvolveu algunha actuación conxunta a Xunta de Galicia co Goberno de España, sobre o despregamento de redes de acceso de nova xeración (NGA) de moi alta velocidade (100 Mbps), en caso afirmativo, cal ou cales e en que datas?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2018 09:30
Nº Rexistro: 27417
Data envio: 06/03/2018 18:46:27.450

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

2ª) Cal é a cantidade de fondos europeos dos que dispoñen ambas as administracións, para garantir o cumprimento dos obxectivos europeos de cobertura das redes de nova xeración?

3ª) Que cantidade empregaron de fondos europeos dos que dispoñen ambas as administracións, para garantir o cumprimento dos obxectivos europeos de cobertura das redes de nova xeración?

4ª) Comezaron os operadores que resultaron adxudicatarios de bloques de frecuencias na banda de 800 Mhz a completar a cobertura que permita o acceso a unha velocidade de 30 megabits por segundo (Mbps) a, cando menos, o 90 % dos habitantes das poboacións de menos de 5.000 habitantes de Galicia, en caso afirmativo, en que data e en que poboacións?

Pazo do Parlamento, 6 de marzo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 06/03/2018 16:12:26

Abel Fermín Losada Álvarez na data 06/03/2018 16:12:34

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2018 09:30
Nº Rexistro: 27422
Data envio: 06/03/2018 18:58:09.672

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Losada Álvarez, José Manuel Pérez Seco e José Antonio Quiroga Díaz, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

O programa Leader persegue un desenvolvemento rural baseado na participación da poboación do territorio, integrando nel todos os recursos e actores económicos e humanos existentes.

En Galicia creáronse 24 grupos de desenvolvemento rural (GDR) para dinamizar o agro galego, con socios públicos e privados, que seleccionan os proxectos que lles permiten desenvolver as súas estratexias de desenvolvemento rural, sendo os proxectos que reciben apoio por esta vía de carácter produtivo, para fomentar diferentes ramas de actividade, e non produtivo, de tipo social, cultural ou turístico, sendo os principais obxectivos a creación e mantemento de emprego no rural e a mellora da calidade de vida da súa poboación.

No Consello da Xunta de Galicia o 14 de decembro de 2017, o goberno galego avaliou un informe de Medio Rural sobre o desenvolvemento rural para dinamizar o agro galego, medida Leader que conta cun orzamento de 84 millóns de euros para o período 2014-2020, e que a Consellería de Medio Rural vai destinar máis de 17,5 millóns de euros no bienio 2018-2019 para financiar diferentes iniciativas para dinamizar o agro galego dentro da medida Leader.

Trátase tamén de favorecer a ocupación sustentable do territorio, prestando atención especial aos colectivos máis desfavorecidos, como as mulleres, os mozos, as persoas con discapacidade ou as persoas maiores.

Outros fins que se perseguen son os de garantir a sustentabilidade da actividade no rural, mediante o coidado e a utilización adecuada dos recursos naturais, potenciar a gobernanza local e a animación social do territorio e contribuír á concienciación e adaptación ante o cambio climático, fomentando o uso de enerxías renovables e a mellora da eficiencia enerxética.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2018 09:30
Nº Rexistro: 27422
Data envio: 06/03/2018 18:58:09.672

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Por iso os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cal é o financiamento asignado para cada un dos 24 grupos de desenvolvemento rural?

2ª) Cales foron os proxectos financiados por cada un dos 24 grupos de desenvolvemento rural?

3ª) Cantos e cales foron os proxectos que quedaron sen financiamento en cada un dos grupos de desenvolvemento rural?

Pazo do Parlamento, 6 de marzo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 06/03/2018 16:15:00

Abel Fermín Losada Álvarez na data 06/03/2018 16:15:08

Jóse Manuel Pérez Seco na data 06/03/2018 16:15:16

José Antonio Quiroga Díaz na data 06/03/2018 16:15:26

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2018 09:30
Nº Rexistro: 27424
Data envio: 06/03/2018 18:59:46.018

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

Luís Manuel Álvarez Martínez, María Concepción Burgo López e María Luisa Pierres López, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

O I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020 elaborado conxuntamente pola Secretaría Xeral da Igualdade, dependente da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Nesta iniciativa indícase que se trata de inverter a tendencia existente nos últimos anos, nos que se observa un aumento das condutas discriminatorias e dos estereotipos sexistas entre o alumnado dos centros educativos.

Inspirado en catro principios (transversalidade, sociedade igualitaria, Obxectivo "violencia 0 nas aulas e na sociedade" e inclusión e integración da diversidade), establece seis eixes:

1) Afondar no modelo de coeducación e introducir a perspectiva de xénero nas dinámicas educativas.

2) Fomentar dinámicas educativas libres de estereotipos de xénero, favorecendo que o alumnado poida desenvolver o seu proxecto vital sen condicionamentos, desde a liberdade e diversidade de opcións.

3) Integrar a perspectiva de xénero no traballo cara ao éxito escolar e garantir que a formación inicial e ao longo da vida, acolle a todo o alumnado na súa diversidade (étnica, cultural, social, económica, funcional, sexual, de xénero, lingüística,…).

4) Educar desde a diversidade para unhas relacións afectivas e sexuais saudables e respectuosas, e para unha convivencia harmónica que integre a diversidade de xénero, sexual, e afectiva.

5) Traballar as relacións de uso abusivo do poder e a violencia sistémica no exercicio das relacións persoais, co fin de visibilizar os mecanismos que sustentan a violencia de xénero, e favorecer relacións pacíficas e positivas para todos os membros da comunidade.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2018 09:30
Nº Rexistro: 27424
Data envio: 06/03/2018 18:59:46.018

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

6) Abordar a detección precoz e resposta eficaz e sistémica á violencia de xénero e outras formas de abuso, discriminación e violencia asociadas, con especial atención á prevención e compensación de situacións de discriminación múltiple.

Cada un destes eixes ten asociados unha serie de obxectivos que se acadan con medidas: son 27 as que prevé o plan, algunha delas aplícase a varios obxectivos.

Como é lóxico, prevese un sistema de seguimento e avaliación a través dun sistema de indicadores, co que se realizará un seguimento das medidas previstas que permitirá avaliar o impacto dos seus obxectivos e medidas coa finalidade de identificar aqueles aspectos no que é necesario incidir para acadar unha educación igualitaria.

Considerando que o horizonte temporal que comprende a vixencia deste I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia son os cursos académicos 2016-2017, 2017-2018, 2018-2019 e 2019-2020 e que, aos efectos que nos ocupan, en xuño de 2017 (hai 8 meses) a información sobre os indicadores do primeiro curso de vixencia (2016-2017) poden estar dispoñibles, por iso o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Realizouse a valoración dos indicadores previstos no I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia correspondente ao curso 2016-2017?

2ª) Se non se realizou, cal foi a causa?

3ª) Se se realizou, que valoración fai a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria dos valores obtidos?

4ª) Os resultados observados poñen en evidencia a necesidade de incidir nalgunha das medidas previstas no Plan ou de incluír algunha nova?

5ª) Estímase necesario dedicar esforzos adicionais (persoais, económicos ou doutro tipo) para acadar os obxectivos do plan no remate do curso 2019-2020?

Pazo do Parlamento, 6 de marzo de 2018

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2018 09:30
Nº Rexistro: 27424
Data envio: 06/03/2018 18:59:46.018

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 06/03/2018 16:19:02

Maria de la Concepción Burgo López na data 06/03/2018 16:19:10

María Luisa Pierres López na data 06/03/2018 16:19:24

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2018 09:30
Nº Rexistro: 27432
Data envio: 06/03/2018 19:07:45.127

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral na Comisión 2.ª,** relativa a desafección dos terreos inicialmente afectados para a construción da Vía de Alta capacidade ou Vía de altas prestacións Tui- A Guarda.

O anuncio da Consellería de política territorial, obras públicas e transportes publicado no DOG do 18 de xullo de 2008, mediante resolución do 26 de xuño de 2008 da Dirección Xeral de Obras Públicas, someteu a información pública o estudo informativo e o estudo de impacto ambiental da VAC Tui- A Guarda; treito 2: PO-350-enlace de Goián, clave PO/07/004.00.1.

O martes 1 de decembro de 2009, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas fixo público o anuncio do 25 de novembro de 2009, da Dirección Xeral de Infraestruturas, polo que se publicaba a Resolución do 24 de novembro de 2009, pola que se revoga parcialmente a Resolución do 15 de novembro de 2006, relativa á aprobación do documento complementario ao estudo informativo da vía de alta capacidade Tui-A Guarda, e pola que se dispón a redacción dun novo documento técnico relativo ao trazado do treito 2 da devandita vía.

Neste anuncio publicábase o texto da resolución do 24 de novembro de 2009 relativo ao treito 2 da vía de alta capacidade, na que se revoga a resolución do 15 de novembro de 2006 pola que se aprobara o documento complementario ao estudo informativo da VAC Tui- A Guarda, que deixaba sen efecto o trazado do treito 2 (enlace PO-350- enlace Goián (Ponte Internacional)) e a redacción dun

novo documento técnico co treito 2, documento no que se realizará un estudo comparativo de alternativas de trazado.

No ano 2010 realizouse o estudo informativo e estudo comparativo de alternativas entre Tui e A Guarda, treito 2: enlace PO-350- Enlace de Goián, de clave PO/10/003.00. O estudio informativo e comparativo de alternativas datado de febreiro do 2010 no que o enxeñeiro director do estudo foi Fausto Núñez Vilar e o autor do mesmo foi Luis H. Gómez Carrión e o consultor TECPRO Enxeñería civil.

A estas alturas, no ano 2017, aínda non se finalizou a obra, sen embargo a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Ethel Vázquez, informaba da proposta da Xunta de Galicia de variar o trazado da VAC na parte final entre a PO-350 e Goián para obter unha maior viabilidade económica, mellor vertebración do territorio e menor impacto ambiental taxado nun 57%.

A veciñanza de Tomiño afectada por estas obras descoñece por onde vai pasar a vía na actualidade e que vai pasar cos terreos afectos á construción segundo as diversas variantes.

Por todo o exposto, este Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

1ª) Que variante se vai construír finalmente na VAC Tui- A Guarda enlace de Goián a PO-350?

2ª) Por que están sen desafectar os terreos nos que teoricamente non se vai construír dita infraestrutura?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2018 09:30
Nº Rexistro: 27432
Data envio: 06/03/2018 19:07:45.127

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 06/03/2018 19:05:08

Antón Sánchez García na data 06/03/2018 19:05:16

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2018 12:52
Nº Rexistro: 27468
Data envio: 07/03/2018 12:52:50.284

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Santos Queiruga, Luís Villares Naveira, Antón Sánchez García, Ánxeles Cuña Bóveda, Paula Vázquez Verao, Eva Solla Fernández, Marcos Cal Ogando, Francisco Casal Vidal, Luca Chao Pérez, Manuel Lago Peñas, Juan José Merlo Lorenzo, Paula Quinteiro Araujo, Davide Rodríguez Estévez e **Magdalena Barahona Martín**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 1.ª**

Tras a comparecencia do Conselleiro de vicepresidencia no Pleno do Parlamento de data 6/3/2018 toda a cámara puido comprobar a falta de vontade política de rematar coa folga indefinida dos traballadores e traballadoras de Xustiza que acada a día de hoxe, cando se redacta esta Pregunta, o mes completo de mobilización.

Existe un Acordo parlamentario, de data 4/12/2017, que insta por unanimidade da cámara ao Goberno a acadar un acordo, xa que as reivindicacións laborais dos traballadores e traballadoras son xustas.

Lonxe de favorecer iso, o Goberno dificultou ese acordo mediante a súa actitude durante as negociacións, tanto nas ofertas realizadas como nas condicións de cumprimento temporal nas mesmas; mediante a obstaculización dos dereitos fundamentais dos traballadores/as impoñendo uns servizos mínimos abusivos na folga ou tratando de evitar que se puidese dispoñer durante o mes de febreiro de días festivos. Finalmente, o equipo negociador, funcionando máis como

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2018 12:52
Nº Rexistro: 27468
Data envio: 07/03/2018 12:52:50.284

provocador que como conciliador, fan na práctica imposible o acordo, só imputable á actitude da Xunta de Galicia e non á representación dos sindicatos do Comité de Folga.

A situación é insostible no tempo, tanto polo dano que se infrinxe ao servizo público ao nos negar toda a sociedade melloras que son indispensables para o bo funcionamento da Xustiza como polo sufrimento innecesario que se causa a uns traballadores que con nóminas moitos deles de apenas mil euros levan máis dun mes sen cobrar.

A loita pola reposición de prazas amortizadas, rematar coa discriminación salarial nas substitucións entre funcionarios/as; rematar co agravio salarial con outras comunidades autónomas ou poñer fin ao espolio salarial en caso de IT son medidas precisas para que a Administración sirva máis eficazmente os intereses xerais da Xustiza, garantía dun Estado democrático.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte pregunta ao Goberno:

Cando pensa o Goberno cumprir o mandato parlamentario e dar cabo das reivindicacións xustas das traballadoras e traballadores da Xustiza, en beneficio do interese xeral?

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2018.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2018 12:52
Nº Rexistro: 27468
Data envio: 07/03/2018 12:52:50.284

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 07/03/2018 12:46:36

Luis Villares Naveira na data 07/03/2018 12:46:41

Antón Sánchez García na data 07/03/2018 12:46:48

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 07/03/2018 12:47:10

Paula Vázquez Verao na data 07/03/2018 12:47:18

Eva Solla Fernández na data 07/03/2018 12:47:24

Marcos Cal Ogando na data 07/03/2018 12:47:31

Francisco Casal Vidal na data 07/03/2018 12:47:39

Luca Chao Pérez na data 07/03/2018 12:47:47

José Manuel Lago Peñas na data 07/03/2018 12:47:54

Juan José Merlo Lorenzo na data 07/03/2018 12:48:01

Paula Quinteiro Araújo na data 07/03/2018 12:48:08

David Rodríguez Estévez na data 07/03/2018 12:48:17

Magdalena Barahona Martín na data 07/03/2018 12:48:23

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2018 13:02
Nº Rexistro: 27474
Data envio: 07/03/2018 13:02:30.748

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

Lonxe de adoptarse medidas correctoras, que se están a demandar desde hai tempo por diversos sectores sociais e institucións -trasladadas polo BNG a este Parlamento- ao respecto do deterioro progresivo na infraestrutura e servizos da liña do ferrocarril de cercanías Ferrol-Ribadeo; a situación está a agravarse até extremos que fan visualizar que estamos nun proceso claramente premeditado.

Só así pode entenderse o acontecido, sen ir máis lonxe, nos últimos días, nos que se produciron supresións nos seguintes servizos:

Xoves, 1 de marzo:

Ferrol-Xuvia: servizos das 16:30, 19:45, 20:45

Xuvia Ferrol:servizos das 20:15,21:00

Ferrol-S. Sadurniño: servizos das 18:15, 21:20

S. Sadurniño-Ferrol: servizos das 19:03, 21:50

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2018 13:02
Nº Rexistro: 27474
Data envio: 07/03/2018 13:02:30.748

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Venres 2 de marzo:

Ferrol-Xuvia: servizos das 16:30, 19:45, 20:45

Xuvia Ferrol: servizos das 18:30, 20:15,21:00

Ferrol-S. Sadurniño: servizos das 14:20, 18:15, 21:20

S. Sadurniño-Ferrol: servizos das 14:49, 19:03, 21:50

Todas estas supresións foron provocadas por falta de persoal de condución. Na prática, supuxo a eliminación durante dous días da totalidade das cercanías nos horarios de tarde.

Luns 5 de marzo:

Ferrol-Xuvia: servizo das 20:45

Xuvia Ferrol: servizo das 21:00

Ferrol-S. Sadurniño: servizo das 21:20

S. Sadurniño-Ferrol: servizo das 21:50

Estes recentes feitos non son illados, xa que veñen a sumarse ás deficiencias estruturais que se están a denunciar desde hai tempo: falla de renovación nunha maquinaria caduca, desatención ao mantemento dos apeadoiros, inexistencia de interventores nos trens (cos problemas de seguridade que pode acarrexar) etc…… E todo isto, perante a inacción da Xunta, Renfe e Fomento; alleos ás reivindicacións sociais e institucionais perante unha situación que resulta verdadeiramente caótica.

88277

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2018 13:02
Nº Rexistro: 27474
Data envio: 07/03/2018 13:02:30.748

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á vista da situación formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

- É consciente a Xunta da situación caótica que tanto no referente a maquinaria e mantemento rexistra a liña ferroviaria Ferrol-Ribadeo?

- Coñece a Xunta as razóns das incidencias que se viñeron producindo no servizo entre os días 1 e 5 de marzo deste ano?

- Ten previsto adoptar a Xunta -no marco da comisión creada con Fomento e Renfe- algunha medida para esixir medidas urxentes para abordar as deficiencias estruturais existentes na liña Ferrol-Ribadeo?

- Valora a Xunta a necesidade de solicitar a transferencia dos servizos ferroviarios desta liña, para garantir os servizos de viaxeiros e mercadorías das zonas afectadas?

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

88278

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2018 13:02
Nº Rexistro: 27474
Data envio: 07/03/2018 13:02:30.748

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 07/03/2018 13:00:04

Noa Presas Bergantiños na data 07/03/2018 13:00:12

María Montserrat Prado Cores na data 07/03/2018 13:00:22

Ana Pontón Mondelo na data 07/03/2018 13:00:24

Xose Luis Rivas Cruz na data 07/03/2018 13:00:26

Xosé Luis Bará Torres na data 07/03/2018 13:00:27

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2018 16:30
Nº Rexistro: 27481
Data envio: 07/03/2018 16:14:33.396

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, José Manuel Pérez Seco e Abel Losada Álvarez, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Nos últimos anos, o Camiño Portugués a Compostela ten incrementado notablemente o número de peregrinos que pasan pola cidade de Pontevedra, facendo desta infraestrutura un motor fundamental para o noso desenvolvemento turístico, cultural e económico.

No ano 2017 chegaron a Pontevedra 67 000 peregrinos e 14 000 fixeron uso do actual albergue público. Cifras que se incrementan cada ano e que, segundo todas as previsións, seguirán a incrementarse de xeito moi importante ata o vindeiro Xacobeo, no ano 2021. Estes datos amosan tamén dúas das principais carencias que Pontevedra ten en relación coas oportunidades de xeración de emprego e riqueza que ofrece o Camiño Portugués:

1. Incrementar o número de pernoctacións na cidade, pois só paran no albergue o 21 % dos peregrinos.
2. Ofertar un maior número de prazas deste tipo, pois as 56 camas que ofrece o actual albergue resultan claramente insuficientes. De feito, entre abril e outubro esta instalación está sempre chea, obrigando a rexeitar a multitude de persoas que inicialmente tiñan pensado facer noite na cidade e no verán se lles ofrezan como alternativa as instalacións do CEIP A Xunqueira I, que obviamente non reúnen as máis mínimas condicións de confort.
3. Sobrepasar a situación do actual albergue no entorno da estación de ferrocarril, un tanto afastado e situado á entrada da cidade.

No Concello de Pontevedra, co apoio da maioría de grupos da Corporación Municipal, aprobáronse nos últimos anos importantes obras de mellora urbana na traza do Camiño Portugués a Compostela, nomeadamente na Ponte do Burgo, proximamente peonalizada e

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2018 16:30
Nº Rexistro: 27481
Data envio: 07/03/2018 16:14:33.396

rehabilitada grazas aos fondos DUSI da Unión Europea. Dentro deste proxecto de rehabilitación da ponte crearase unha praza pública na súa cabeceira Norte e adquiriranse as tres vivendas que nela se localizan, coa intención de conservalas e rehabilitalas nunha futura actuación, para destinalas a unha fin de uso público aínda non concretada. Este grupo parlamentario pensa que destinar esas tres vivendas a acoller o novo albergue de peregrinos sería unha opción razoable e viable.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Considera o Goberno galego que cómpre o incremento substancial do número de prazas do albergue público de peregrinos de Pontevedra?
2. Pensa o Goberno que as 56 camas que ofrece o actual albergue son suficientes?
3. Comparte o Goberno que destinar as tres vivendas situadas na cabeceira Norte da Ponte do Burgo como novo albergue de peregrinos de Pontevedra podería ser unha opción razoable e viable para deixar unha pegada na cidade e unha oportunidade máis de dinamización para o barrio de O Burgo?
4. Vai colaborar o Goberno no financiamento na rehabilitación das tres vivendas como novo albergue de peregrinos de Pontevedra, atendendo ás necesidades de uso e suxestións indicadas pola "Asociación de Amigos do Camiño Portugués"?

Pazo do Parlamento, 7 de marzo de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Luisa Pierres López
José Manuel Pérez Seco
Abel Losada Álvarez
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 07/03/2018 16:07:06

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2018 16:30
Nº Rexistro: 27481
Data envio: 07/03/2018 16:14:33.396

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

María Luisa Pierres López na data 07/03/2018 16:07:11

Jóse Manuel Pérez Seco na data 07/03/2018 16:07:16

Abel Fermín Losada Álvarez na data 07/03/2018 16:07:22

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2018 16:55
Nº Rexistro: 27485
Data envio: 07/03/2018 16:55:12.689

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Losada Álvarez, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

No Consello da Xunta de Galicia do día 1 de marzo de 2018, presentouse un informe sobre a consecución dos obxectivos do Plan especial de control da Axencia Tributaria de Galicia, cuxo obxectivo era o de recadar 20 millóns de euros para este exercicio 2017.

Por iso a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cal é o contido do Plan especial de control da Axencia Tributaria de Galicia?

2ª) Cal é a consecución de cada un dos obxectivos do Plan especial de control para o exercicio 2017?

3ª) Cales son os medios materiais e persoais que se empregaron para acadar os obxectivos fixados para o exercicio 2017?

4ª) Cales son os obxectivos que se pretenden acadar para o ano 2018?

Pazo do Parlamento, 7 de marzo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 07/03/2018 16:54:05

Abel Fermín Losada Álvarez na data 07/03/2018 16:54:11

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2018 17:02
Nº Rexistro: 27488
Data envio: 07/03/2018 17:02:35.090

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

José Manuel Pérez Seco e José Antonio Quiroga Díaz, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Fermín Losada Álvarez, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

O programa Leader persegue un desenvolvemento rural baseado na participación da poboación do territorio, integrando nel todos os recursos e actores económicos e humanos existentes.

En Galicia creáronse 24 grupos de desenvolvemento rural (GDR) para dinamizar o agro galego, con socios públicos e privados, que seleccionan os proxectos que lles permiten desenvolver as súas estratexias de desenvolvemento rural, sendo os proxectos que reciben apoio por esta vía de carácter produtivo, para fomentar diferentes ramas de actividade, e non produtivo, de tipo social, cultural ou turístico, sendo os principais obxectivos a creación e mantemento de emprego no rural e a mellora da calidade de vida da súa poboación.

No Consello da Xunta de Galicia o 14 de decembro de 2017, o Goberno galego avaliou un informe do Medio Rural sobre o desenvolvemento rural para dinamizar o agro galego, medida Leader que conta cun orzamento de 84 millóns de euros para o período 2014-2020, e que a Consellería do Medio Rural vai destinar máis de 17,5 millóns de euros no bienio 2018-2019 para financiar diferentes iniciativas para dinamizar o agro galego dentro da medida Leader.

Trátase tamén de favorecer a ocupación sustentable do territorio, prestando atención especial aos colectivos máis desfavorecidos, como as mulleres, os mozos, as persoas con discapacidade ou as persoas maiores.

Outros fins que se perseguen son os de garantir a sustentabilidade da actividade no rural, mediante o coidado e a utilización adecuada dos recursos naturais, potenciar a gobernanza local e a animación social do territorio e contribuír á concienciación e adaptación ante o cambio climático, fomentando o uso de enerxías renovables e a mellora da eficiencia enerxética.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2018 17:02
Nº Rexistro: 27488
Data envio: 07/03/2018 17:02:35.090

Por iso os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cal é o contido do informe da Consellería do Medio Rural sobre o desenvolvemento rural para dinamizar o agro galego?

2ª) Rematado o exercicio 2017, cal é a valoración que fai a Xunta de Galicia sobre a execución do programa Leader en cada un dos 24 grupos de desenvolvemento rural?

3ª) Cal é a execución orzamentaria dos anos 2014 a 2017 desta medida Leader dotada con 84 millóns de euros para o período 2014-2020?

4ª) Cales son os criterios empregados en cada un dos 24 grupos de desenvolvemento rural (GDR) para a aprobación dos proxectos?

Pazo do Parlamento, 7 de marzo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 07/03/2018 16:59:30

José Antonio Quiroga Díaz na data 07/03/2018 16:59:40

Abel Fermín Losada Álvarez na data 07/03/2018 16:59:47

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 07/03/2018 17:01:54

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2018 17:03
Nº Rexistro: 27489
Data envio: 07/03/2018 17:03:05.317

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco, José Antonio Quiroga Díaz, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Losada Álvarez, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

O programa Leader persegue un desenvolvemento rural baseado na participación da poboación do territorio, integrando nel todos os recursos e actores económicos e humanos existentes.

En Galicia creáronse 24 grupos de desenvolvemento rural (GDR) para dinamizar o agro galego, con socios públicos e privados, que seleccionan os proxectos que lles permiten desenvolver as súas estratexias de desenvolvemento rural, sendo os proxectos que reciben apoio por esta vía de carácter produtivo, para fomentar diferentes ramas de actividade, e non produtivo, de tipo social, cultural ou turístico, sendo os principais obxectivos a creación e mantemento de emprego no rural e a mellora da calidade de vida da súa poboación.

No Consello da Xunta de Galicia o 14 de decembro de 2017, o goberno galego avaliou un informe de Medio Rural sobre o desenvolvemento rural para dinamizar o agro galego, medida Leader que conta cun orzamento de 84 millóns de euros para o período 2014-2020, e que a Consellería de Medio Rural vai destinar máis de 17,5 millóns de euros no bienio 2018-2019 para financiar diferentes iniciativas para dinamizar o agro galego dentro da medida Leader.

Trátase tamén de favorecer a ocupación sustentable do territorio, prestando atención especial aos colectivos máis desfavorecidos, como as mulleres, os mozos, as persoas con discapacidade ou as persoas maiores.

Outros fins que se perseguen son os de garantir a sustentabilidade da actividade no rural, mediante o coidado e a utilización adecuada dos recursos naturais, potenciar a gobernanza local e a animación social do territorio e contribuír á concienciación e adaptación ante o cambio climático, fomentando o uso de enerxías renovables e a mellora da eficiencia enerxética.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2018 17:03
Nº Rexistro: 27489
Data envio: 07/03/2018 17:03:05.317

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Por iso os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cal é o financiamento asignado para cada un dos 24 grupos de desenvolvemento rural?

2ª) Cales foron os proxectos financiados por cada un dos 24 grupos de desenvolvemento rural?

3ª) Cantos e cales foron os proxectos que quedaron sen financiamento en cada un dos grupos de desenvolvemento rural?

Pazo do Parlamento, 6 de marzo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 07/03/2018 16:58:19

José Antonio Quiroga Díaz na data 07/03/2018 16:58:48

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 07/03/2018 16:58:58

Abel Fermín Losada Álvarez na data 07/03/2018 16:59:02

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2018 17:12
Nº Rexistro: 27491
Data envio: 07/03/2018 17:12:58.786

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

Luís Manuel Álvarez Martínez, Patricia Vilán Lorenzo, José Manuel Pérez Seco, María Luisa Pierres López e Raúl Fernández Fernández, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

A bauxita é unha roca da que, tras os procesos oportunos, se obtén o aluminio. Segundo datos que se manexan na industria, de catro toneladas de bauxita obtéñense dúas toneladas de alumina e, destas, unha tonelada de aluminio.

Como sabemos, unha das factorías principais do Estado na fabricación de aluminio está na localidade lucense de San Cibrao, que conta cun porto para a descarga da bauxita e que pertence á Autoridade Portuaria de Ferrol – San Cibrao.

O certo é que nos últimos meses vense observando un elevado incremento de tráfico de camións cargados de bauxita, fenómeno directamente relacionado co incremento de descargas deste material nos portos da Coruña e Ferrol.

Para que teñamos un coñecemento o máis exacto posible da verdadeira dimensión do problema que estamos a expoñer, teñamos en conta algunhas cifras:

1) A carga media dun barco dos denominados graneleiros é de 80.000 toneladas.
2) A carga máxima media que poden levar os camións que se dedican ao transporte deste tipo de material é de 28 toneladas.

Polo tanto, a descarga nun porto dun barco desas características que deba ser transportada en camións supón un número superior a 2.800 camións (se o pensamos en termos de lonxitude, estamos a falar de máis de 53 quilómetros de camións pegados uns os outros).

A descarga de bauxita no porto exterior da Coruña supón que os camións circulan pola nacional N-655 e a autovía A-6 entre A Coruña e Baamonde, de Baamonde ata a saída 524 pola autovía A8 e despois pola estrada nacional N-642 ata San Cibrao.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2018 17:12
Nº Rexistro: 27491
Data envio: 07/03/2018 17:12:58.786

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

A descarga no porto exterior de Ferrol supón que os camións circulan pola autovía AG-64 entre Ferrol e Vilalba e despois pola A8 entre Vilalba e a saída 524 á que se fixo referencia antes, ata completar o percorrido ata San Cibrao.

En calquera caso, entre Vilalba e San Cibrao a ruta é a mesma, soportando o tráfico correspondente con independencia do porto no que se descargue a bauxita.

Como se pode comprender con facilidade, esta é una situación que non debería darse se temos en conta que a factoría de Alcoa en San Cibrao conta cun porto que, ademais de pertencer á mesma autoridade portuaria que Ferrol, foi construído no seu momento para dar servizo ás necesidades da factoría; de feito, existe unha concesión de dominio público portuario a favor de Alumina Española S.A. e Aluminio Español S.A. para a ocupación de terreos de dominio público na enseada de San Cibrao, tramo marítimo de Cervo e Xove (Lugo) con destino á explotación dun porto comercial para carga e descarga da súa industria.

Polo tanto, todo apunta a que o porto de San Cibrao non está sendo empregado de forma óptima para a súa finalidade e concesión, o que vai directamente en detrimento da conservación, uso, seguridade e carga habitual de tráfico pesado das vías ás que se fixo referencia, e particularmente no que se refire á nacional N-642.

Aínda que as estradas A-6, A-8 e N-642 pertencen á *Rede de Estradas do Estado*, a autovía AG-64 é de titularidade autonómica e, en todo caso, a situación exposta orixina trastornos e incrementa a inseguridade viaria nesta comunidade autónoma.

Polos motivos expostos os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que coñecemento ten a Xunta de Galicia da situación exposta?

2ª) Solicitou a Xunta de Galicia algunha explicación da descarga de bauxita na Coruña e Ferrol?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2018 17:12
Nº Rexistro: 27491
Data envio: 07/03/2018 17:12:58.786

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

3ª) Que coñecemento ten a Xunta de Galicia do nivel de uso do porto de San Cibrao, é óptimo ese nivel?

4ª) Ten feita algunha valoración do deterioro que está a experimentar o firme da AG-64?

Pazo do Parlamento, 7 de marzo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/03/2018 17:07:14

Patricia Vilán Lorenzo na data 07/03/2018 17:07:25

Jóse Manuel Pérez Seco na data 07/03/2018 17:07:32

María Luisa Pierres López na data 07/03/2018 17:07:42

Raúl Fernández Fernández na data 07/03/2018 17:07:50

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2018 17:52
Nº Rexistro: 27506
Data envio: 07/03/2018 17:52:57.400

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5.ª**

A crise serviu para reducir o peso dos salarios no conxunto da economía e a recuperación económica non chega ás mulleres nin á mocidade.

No caso das mulleres, durante os primeiros tempos da crise producírase unha redución da fenda salarial, debido á destrución de emprego masculino e á caída do salario medio dos homes (sobre todo pola destrución de postos de traballo ben remunerados en industria e construción), pero a fenda salarial leva dende 2014 aumentando.

Se temos en conta os datos do estudo *Mercado de trabajo y pensiones en las fuentes tributarias* de 2016, que recolle estes ingresos reais de cada persoa, a diferencia salarial entre homes e mulleres en Galiza sitúase nun 22,3 %, cobrando os homes galegos, de media, 4.513 € máis que as mulleres. Se temos en conta o montante do que as mulleres deberían gañar a maiores para equiparar o seu salario medio aos homes, falamos dun 28,7%.

A discriminación de xénero é indiferente ao nivel formativo, experiencia profesional ou sector profesional: é unha discriminación estrutural que afecta a todos os sectores e categorías profesionais.

Entre os factores que penalizan á muller no mercado laboral está a incorporación incompleta da muller ao emprego asalariado, cunha menor taxa de actividade (48,79%) e de ocupación (41,37%), así como unha maior taxa de paro (15,21%),

pese a que as mulleres son o 52% do conxunto da poboación en idade laboral, a feminización dos empregos menos remunerados ou a maior parcialidade (21,8%), temporalidade e rotación de contratos que sofren as mulleres.

Unha das causas estruturais do fenómeno da fenda salarial é a maior ocupación das mulleres nas tarefas do fogar e coidados, e a penalización que a maternidade provoca no mercado laboral.

Os salarios galegos están nun 0,5% por debaixo de 2009 e un 30% da poboación galega asalariada percibiu o SMI ou menos en 2016; no caso das mulleres, a porcentaxe elévase até o 36,2 %. É dicir: 172.683 mulleres cobraron 655,20 € ao mes ou menos. Cos datos da Axencia Tributaria sabemos que 255.210 mulleres en Galicia tiveron ingresos salariais inferiores a 830 brutos en 14 pagas en 2016. 830 euros en 14 pagas, transfórmanse en 750 euros netos, unha cifra irrisoria que é a retribución media do 54% das asalariadas galegas de 2016, así que a metade das mulleres galegas non chegan a mileuristas. Descendendo na escala salarial, 73.552 mulleres cobraron entre a metade do SMI e o SMI, uns 655 € brutos ao mes, e 99.130 mulleres só ingresaron a metade do SMI ou menos (327,5 € brutos ao mes), o 20,7% das asalariadas, porcentaxe que aumentou máis de 2 puntos dende 2009, ao tempo que descendían os seus ingresos anuais: o grupo máis numeroso das asalariadas galegas.

As mulleres, as precarias do precariado.

Claramente, a crise acentuou as desigualdades de xénero e as situacións de precariedade e miseria, significando unha perda de poder adquisitivo de máis dun 9% entre as asalariadas galegas en termos reais, tendo en conta a evolución dos salarios e o aumento do custo da vida. A fenda salarial agrándase coa idade, sendo especialmente significativo que a fenda aumente tras o acceso á maternidade, tras os 32,55 anos nos que, de media, as mulleres galegas acceden á maternidade (IGE: 2015).

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2018 17:52
Nº Rexistro: 27506
Data envio: 07/03/2018 17:52:57.400

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Polo exposto, a deputada que subscribe formula á Xunta de Galicia a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.ª

- Que vai facer a Xunta ante a realidade de miseria que supón a realidade laboral das mulleres galegas?

- Que medidas vai aplicar a Xunta para elevar no inmediato os salarios galegos?

- Que medidas vai aplicar a Xunta para mellorar a realidade laboral da mocidade galega?

- Que interpretación ten a Xunta sobre o afondamento da fenda salarial logo do acceso das mulleres galegas á maternidade?

- Que interpretación ten a Xunta da desigualdade das mulleres con respecto aos homes a respecto do emprego a tempo parcial?

- Que medidas vai tomar a Xunta para cumprir integramente a normativa autonómica en materia de Igualdade?

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2018 17:52
Nº Rexistro: 27506
Data envio: 07/03/2018 17:52:57.400

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Paula Vázquez Verao na data 07/03/2018 17:45:47

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2018 18:20
Nº Rexistro: 27522
Data envio: 07/03/2018 18:20:06.555

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Francisco Casal Vidal, deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6.ª,** relativa á reversión ao público de concesións de centrais hidráulicas.

Os principais investimentos en aproveitamentos hidroeléctricos en España e en Galicia realizáronse ao longo do século XX. Hoxe estes son xa un sistema totalmente consolidado e efectivo de xeración de enerxía renovable. Esta enerxía representa, segundo os datos de Rede Eléctrica de España, un 20% da potencia instalada. Practicamente todos os investimentos realizados en aproveitamentos hidroeléctricos responden ao modelo «investimento-concesión». Así, a cambio do investimento privado outórgase aos promotores unha concesión de augas cunha duración de entre 50 e 75 anos. Ao finalizar este prazo, as instalacións deben reverter ao Estado. Esta particularidade confírelle á produción de enerxía hidroeléctrica un dobre carácter, esencialmente público. Por unha banda, a orixe da enerxía está na auga, que é un ben de dominio público. Xunto a iso, as instalacións teñen como fin último a reversión ao patrimonio público da Administración.

O modelo de investimento-concesión segue vixente para novos proxectos hidroeléctricos, como os denominados «saltos reversibles», nos que as empresas deben concentrar agora os seus proxectos de investimento. Outra das características da enerxía hidroeléctrica, é que xeralmente a súa produción xérase en zonas deprimidas de montaña, rurais e inmersas nun proceso de despoboamento. E con todo a importante riqueza que se xera non repercute

significativamente no territorio, un territorio obrigado a soportar as consecuencias que este tipo de infraestruturas traen consigo. Así, o asumir certas servidumes ou o risco potencial que levan algunhas instalacións non se traduce na reversión "tan necesaria" nestas zonas. Hoxe os prazos daquelas primeiras concesións están a finalizar. Pero obsérvanse disfuncións administrativas no proceso de reversión. Ademais xurdiu a demanda social de reverter ao interese público os beneficios que van volver ao Estado, e a necesidade de que estes xoguen un papel crave na transición enerxética e no desenvolvemento dos territorios que ven afectados os encoros.

En canto ás disfuncións administrativas cabe destacar a falta de dilixencia na tramitación dos expedientes de reversión. A primeira reversión dun salto hidroeléctrico en España non se produciu ata 2013 e chegou con atraso respecto da data de finalización do prazo de concesión. Están a darse casos nos que o Ministerio tarda dezaoito meses en tramitar a caducidade dos expedientes de reversión e deixa sen ditar a resolución final do procedemento. Esta falta de dilixencia permite que o concesionario siga explotando o salto hidroeléctrico e obtendo ingresos millonarios máis aló do prazo que lle outorga a concesión. Tamén debe destacarse a falta de políticas públicas unha vez se alcance a reversión do salto. Este queda baixo a xestión provisional do organismo de conca correspondente, pendente dun contrato de servizos ou concurso público de explotación. O modelo investimento-concesión xa non se adapta a estes saltos revertidos. Estes, que deben devolverse polo concesionario en adecuadas condicións de funcionamento, requirirán unha xestión técnica para a que se debería ir preparando a Administración pública sendo ademais os beneficios de titularidade pública revertidos nas zonas afectadas. De feito actualmente xa existen exemplos deste modelo de xestión a nivel estatal, autonómico e local. Ademais, tras diversas sentenzas condenatorias a empresas xestoras de centrais hidroeléctricas pola manipulación da poxa eléctrica, faise necesario incluír nos pregos das concesións o cumprimento de consígnalas no operador do sistema

para evitar os devanditos abusos e permitir unha maior penetración de enerxías renovables.

